



COSTA DE MUROS

Adela Leiro, Mon Daporta
xaneiro 2019



Distancia: 33 km (lineal) + camiñadas
Dificultade: baixa



- | | |
|--|--|
| 1-Praia da Arnela | 24-Esteiro do río Rateira |
| 2-Praia do porto de Bois. Punta do Carreiro | 25-Praia de Liñares |
| 3-Illa da Creba | 26-Punta Abelleira |
| 4-Punta Uía. Punta Carrasica. | 27-Praia de Ventín |
| 5-Enseada de Esteiro | 28-Punta Ostreira. Praia do Salto. |
| 6-Punta Polbeira. Praia Parameán | 29-Illa de San Antón. Praia Laxeiras. |
| 7-Praia de Esteiro/Artón | 30-Praia de Anido/A Rocha |
| 8-Esteiro do río Maior | 31-Muiño de Marea Acea do Cachón. |
| 9-Porto de Esteiro/Creo | 32-Praia da Virxe do Camiño |
| 10-Praia de Agro Covo | 33-Enseada de Muros |
| 11-Punta Lontreira. Praia de Somorto. | 34-Muros: porto. Praia do Castelo |
| 12-Punta Cancelada/de Esteiro | 35-Cabo Rebordiño. Faro. Enseada de Covas. |
| 13-Praia de Fontela. Punta Borneira. | 36-Punta e praia da Bouga |
| 14-Praia de Area do Medio | 37-Praias Espadanal e San Francisco |
| 15-Praias de Raimundo e Cabanas | 38-Punta Seixido. Praia de Fogareiro |
| 16-Porto de Cabanas. A Insuela. Punta Pincelo. | 39-Monte Louro |
| 17-Praia do Coído | 40-Praia de Area Maior |
| 18-Punta e illa de Santa Catalina | 41-Lagoa das Xarfas |
| 19-Punta Castriños. Praia Arruxo. | 42-A Escorachada. Praia de Acoradoiro. |
| 20-Punta Cerro do Río. Praia de Salgueiro. | 43-Punta do Rosto |
| 21-Praia Aldosón | 44-Punta de Lens |
| 22-Enseada de Bornalle | 45-Praia de Lariño/Acoradoiro. |
| 23-Praia de Bornalle | |

O concello de Muros está situado no norte da ría de Muros e Noia, cunha costa que alterna áreas protexidas do interior da ría -na que abundan os areais, os esteiros e as enseadas con amplas zonas rochosas de pouca altura- e zonas expostas no mar aberto con rochedos e areais. É un concello que combina un grande atractivo natural cun importante patrimonio etnográfico e histórico-artístico. As principais actividades son a pesca e os seus derivados e o turismo.

Conta co espazo protexido como LIC/ZEC Monte Louro. A costa de Muros ofrece lugares de moito interese, en especial na boca da ría e nas enseadas de Muros, Bornalle e Esteiro. En moitas zonas o litoral está ocupado por instalacións industriais (conserveiras, depuradoras, estaleiros...) ou portuarias e por propiedades privadas, que en xeral dificultan ou impiden o acceso ao mar. Propoñemos un percorrido para coñecer os puntos máis destacados e accesibles, combinando desprazamentos por estrada con pequenas camiñadas. No caso de dispoñer de tempo poderíanse visitar moitos máis lugares, tendo en conta que non existen camiños ou os que hai non son aptos para coches




RÍA DE MUROS E NOIA

Ábrese entre Monte Louro, ao norte e o cabo Corrubedo, ao sur, seguindo unha fractura con orientación SO-NO. Ten 18 km de lonxitude e unha superficie de 125 km².

Os sedimentos dos numerosos ríos que desaugan na ría orixinan extensos areais e zonas lamacentas que quedan descubertas na baixamar e dan lugar a ricos bancos marisqueiros.



Ría de Muros e Noia desde o alto das Forcadas



O Monte Louro e a costa interior e exterior de Muros



Illa da Creba e enseadas de Muros, Bornalle e Esteiro



Cabo Rebordiño e enseada de Muros

PERCORRIDO

Comezamos na **punta Uía**. Na estrada de Outes a Muros (arredor do k 56), nunha curva aparece un cruce fronte ao hotel Uía, deixamos o coche no camiño e achegámonos á costa nunha zona onde se ve a **punta**

Carrasica e a **illa da Creba**. A seguinte parada é na entrada de Esteiro, na **praia Parameán** e logo na de **Esteiro**. Máis adiante atopamos un cruce polo que podemos achegarnos ao porto de Esteiro/Creo e facer unha pequena camiñada pola localidade ou cruzar a pasarela para ir ás praias. Volvendo á estrada continuamos ata Tal de Abaixo, desde onde nos desviamos para coñecer varias praias, as **puntas de Insuela** e **Pincelo** e un fermoso porto tradicional. Máis adiante temos a **enseada de Bornalle** coas **praias de Aldosón** e **Bornalle**, que se poden percorrer coa marea baixa. En Bornalle podemos aproveitar para ver un fermoso conxunto de hórreos (mellor deixar o coche na estrada pois as rúas son moi estreitas e non hai onde aparcar).

A seguinte parada facémola na área de lecer da entrada de **Muros** para coñecer as **praias de Anido/A Rocha** e o muíño de Marea coñecido como **Acea do Cachón**. Seguindo pola estrada chegamos a Muros (ou podemos facer unha pequena camiñada) para visitar a vila, con fermosas casas tradicionais, e o porto.

Continuamos viaxe ata o **Cabo Rebordiño** onde hai un faro e volvemos a parar na zona de San Francisco onde se atopa unha sucesión de praias (**Bouga**, **Espadanal**, **San Francisco** e **Fogareiro**) co monte Louro de fondo, que se poden percorrer pola area ou por un paseo acondicionado en parte.

Un pouco máis adiante atopamos o desvío a **Monte Louro** que remata a carón do **Faro**, e de volta na estrada podemos facer unha parada para visitar a **lagoa das Xarfas** e a **praia de Area Maior**. Chagamos así á fin do concello e da nosa viaxe: o **portíño de Anoradoiro**, desde o que se poden visitar as **puntas do Rosto** e de **Lens** e a de **Lariño/Anoradoiro**, compartida con Carnota.



1-Praia da Arnela, compartida con Outes.



2-Praia do porto de Bois



Punta do Carreiro



3-Illa da Creba. Conta a xente maior da zona que noutros tempos houbo unha ermida (a Virxe da Creba) e unha ponte que unía a illa con terra. Na actualidade é de propiedade privada e está ocupada por un pazo. Hai moitas lendas sobre mouros e princesas enfeitizadas.



4-Punta Uía



Punta Carrasica

5-Enseada de Esteiro. Ábrese entre a punta de Esteiro e a punta do Carreiro. No seu abrigo atópanse as praias de Somorto, Esteiro, Artón e Parameáns.



6-Punta Polbeira



Praia Parameán



Praia de Esteiro, de 530 m de lonxitude, situada sobre a frecha que pecha parcialmente a desembocadura do río Maior. De area branca e fina e tranquila.



7-Praia de Esteiro/Artón



8-Esteiro do río Maior



9-Porto de Esteiro/Creo



10-Praia de Agro Covo



11-Punta Lontreira



13-Praia de Fontela. Punta Borneira.



Praia de Somorto



12-Punta Cancelada/de Esteiro



Costa de Tal, coa Insuela e a Punta de Santa Catalina

14-Praia de Area do Medio




Praia de Cabanas



15-Praia e portíño de Cabanas



17-Praia do Coído




18-Punta e illa de Santa Catalina




Muíño de vento e illa de Santa Catalina



19-Punta Castriños



Praia Arruxo



20-Punta Cerro do Río



Praia de Salgueiro




Punta Romeira



21-Praia Aldosón



22-Enseada de Bornalle



23-Praia de Bornalle (Abelleira). Ocupa a frecha que se forma na desembocadura do río Rateira. Mide 550 m de lonxitude, tranquila e de area branca e fina, coa contorna sen urbanizar.



24-Esteiro do río Rateira



25-Praia de Liñares



26-Punta Abelleira



27-Praia de Ventín



28-Punta Ostreira. Praia do Salto.



29-Illa de San Antón



Praia Laxeiras



30-Praia de Anido/A Rocha



31-Muíño de Marea Acea do Cachón.



32-Praia da Virxe do Camiño

33-Enseada de Muros. Ábrese entre o cabo Rebordiño e a punta de Santa Catalina. Ao seu abrigo instálase a vila de Muros. En realidade dúas enseadas cunha boca común, a de Muros, ao oeste, entre o Cabo e a Punta Ostreira, e a de Bornalle, entre a Punta Ostreira e a illa de Santa Catalina.





34-MUROS. O porto de Muros é o máis importante do seu distrito pesqueiro. A vila conta cun importante patrimonio artístico e etnográfico entre os que destacan as casas mariñeiras con arcos e galerías e a igrexa parroquia de San Pedro dos séculos XIV a XVI.



Praia do Castelo.



Faro do Cabo Rebordiño



35-Cabo Rebordiño e enseada de Covas.



36-Punta e praia da Bouga




37-Praia de San Francisco, con 760 m de lonxitude, e unha das máis concurridas da banda norte da Ría de Muros e Noia. De area branca e fina e abrigada. Esta zona era coñecida co nome de Lugar de Fomento, polas tres fábricas de salga que aquí estiveron instaladas. A continuación, cara a Monte Louro está a praia de Fogareiro, de 460 m de lonxitude, tamén moi abrigada e de area fina.

38-Punta Seixido. Praia de Fogareiro





39-Monte Louro é un pequeno macizo granítico situado no extremo noroccidental da Ría de Muros e Noia. Remata en dous cumes: Pico da Garita (239 m) e Monte Louro (223 m). Ten interesantes formas erosivas como pías e cacholas. No pe do monte hai restos de asentamentos prehistóricos. A costa que rodea península de Monte Louro está formada por cantís rochosos de pouca altura e abundantes illotes e cons: Rochas do Neixón, Pedra do Con, A Ínsua... Unha pista percorre o perímetro pola parte baixa. Para subir aos cumes non hai camiños, pero as vistas son impresionantes.



Faro de Monte Louro, na punta Queixal. Foi construído en 1862.



40-Praia de Area Maior, de Louro ou Arealonga, de 1.470 m de lonxitude e 50 m de largor medio. Está asentada sobre unha frecha que pecha case totalmente a desembocadura do rego Longarelo formando a lagoa das Xarfas. Conserva un bo sistema dunar.



41-Lagoa das Xarfas, de auga doce e so ten comunicación co mar en temporais e épocas de mareas vivas. É unha importante zona de invernada de aves.



42-A Escorachada e a praia de Ancoradoiro.



43-Punta do Rosto



44-Punta de Lens



45-A parte da praia de Lariño no concello de Muros chámase Ancoradoiro.